

<b>LCL</b>	IES de Mugarodos. Departamento de Lingua castelá e Literatura		ESO
	MATERIA	Lingua castelá e Literatura	<b>1.º ESO</b> 2016 - 2017
	PROFESOR/A	Carmen Armesto Gurdíel	

## CONTIDOS

### 1.ª AVALIACIÓN

- A descrición. Tipos de descrições (segundo a intención e segundo o elemento descrito). A linguaxe dos textos descritivos. Lectura, comprensión e composición de textos descritivos.
- Gramática: Procedementos de formación de novas palabras. Palabras derivadas e compostas.
- As familias léxicas. Palabras monosémicas e palabras polisémicas. Relacións semánticas: antonimia e sinonimia.
- Ortografía: Os signos de puntuación. Uso da maiúscula.
- A descrición literaria. O autorretrato literario. Recursos estilísticos característicos da descrición: símil, metáfora, hipérbole e personificación.

### 2.ª AVALIACIÓN

- A narración. Os textos narrativos. A narración e os seus elementos: narrador, acción e personaxes. Linguaxe narrativa: narrador, tempo da acción e estilos directo e indirecto. Tipos de textos narrativos. Lectura, comprensión e composición de textos narrativos literarios e de narracións periodísticas (a noticia).
- Gramática. O verbo. A conxugación. Emprego dos tempos. O adverbio.
- Léxico: actividades de ampliación do vocabulario
- Ortografía: Acentuación.
- A narración literaria e as súas formas: as narracións literarias en verso (os romances) e as narracións literarias en prosa (fábula, lenda, mito e conto).

### 3.ª AVALIACIÓN

- O diálogo. Estilo directo e estilo indirecto. O diálogo espontáneo: a conversación.
- Diálogos planificados: o debate e a entrevista. Lectura, comprensión e composición de textos dialogados.
- Os adxectivos determinativos. Os pronomes. A oración: suxeito e predicado; as modalidades oracionais
- Os conectores textuais e principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
- Os textos líricos. Os textos dramáticos

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	30,00%		
Conceptos e procedementos	Probas escritas	60,00%	
	Traballos/Proxectos	10,00%	
	Lecturas	10% (forma parte do bloque anterior)	

Haberá dúas probas escritas por avaliación. En canto ás lecturas, os alumnos deberán ler unha obra por avaliación. Farase unha proba de lectura (resumo da obra e opinión) ao final de cada avaliación.

A nota final do curso obterase facendo a media das notas das tres avaliacións (calculando a partires das notas aritméticas obtidas en cada unha delas, con decimais, e non da nota redondeada que figura no boletín).

**Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.**

**No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.**

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Sí.

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas:

Primera avaliación:

Alfredo Gómez Cerdá: *Una amigo en la selva*. Editorial Edelvives.

Segunda avaliación:

Francisco Adamo: *La historia de Iqbal*. Editorial Barco de Vapor.

Terceira avaliación:

Federico García Lorca: *La zapatera prodigiosa*.

## **TIC**

Os contidos do curso serán traballados empregando, entre outros materiais, algúns disponibles na rede e seleccionados polo profesor. Así mesmo, empregarase o encerrado dixital con que conta a aula para apoiar as explicación e para facer diversas actividades. Tamén se priorizará o emprego dos procesadores de texto, cos cales se farán parte das actividades das avaliacións.

## **PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...**